

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027927	IES Ramón Caamaño	Muxía	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua estranxeira - Inglés	3º ESO	3	105

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

## 1. Introducción

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade. Hoxe, o MCER constitúe unha referencia para proxectos e documentos clave do Consello de Europa, como a "Guía para a elaboración e posta en marcha de currículos para unha educación plurilingüe e intercultural" (2010), na que se desenvolve a noción de plurilingüismo como eixe dun enfoque centrado na rede de relacións entre distintas linguas e culturas. Nesta mesma liña, enmárcanse o informe do Foro Intergubernamental Europeo titulado "O dereito dos estudantes á calidade e á equidade en educación. O papel das competencias lingüísticas e interculturais", mantido en Xenebra en novembro 2010, e a Conferencia Intergubernamental "Calidade e inclusión en educación: o papel único das linguas", mantida en Estrasburgo en setembro de 2013. En ambos os foros europeos, recoñécese a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural en que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da

riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

Nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

As materias de linguas, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Daquela, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para se desenvolver satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións propias, claras e fundamentadas, e de sentir satisfacción, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Primeira Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e interpretar o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3-4	1-2	1	1	5	3	1	2
OBX2 - Producir textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1-5	1-2	1	2-3	5	1	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	1-5	1-2-3	1	2-3	3	1-3	3	3-4
OBX4 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	1-5	1-2-3	1	3	1-3	3	3	1
OBX5 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2-3	1	1-2	1-3-5	1		2-3
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	1-5	2-3		1	1-3	1-2-3	3	1

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	READING	Lectura e comprensión de textos progresivamente máis complexos.	19	17	X	X	X
2	LISTENING	Escoitar e copmprender mensaxes orais en diferentes formatos e con diferentes orixes.	14	10	X	X	X
3	SPEAKING	Producción oral de mensaxes.	14	15	X	X	X
4	WRITING	Producción escrita de textos de diferente complexidade atendendo á estrutura, coherencia, cohesión...	19	20	X	X	X
5	USE OF ENGLISH	Adquisición dos aspectos máis formais da lingua. Dominio do vocabulario e das normas gramaticais necesarias para a produción e intercambio de mensaxes.	34	43	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	READING	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	É capaz de ler un texto e extraer a información principal respondendo a preguntas de comprensión ou completando información.	PE	70
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Extraer información dos textos por medio de diferentes tipos de actividades: busca de sinónimos, unir oracións, ordenar información, completar...		
CA1.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Analizar conxuntamente as estruturas dos textos presentados e o seu contexto.	TI	30
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Analizar erros, traballar a organización textual facendo visibles os aspectos máis complexos da estrutura textual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	LISTENING	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Escoitar e responder preguntas de comprensión xeral e extraer información específica.	PE	50
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Escoitar información sobre temas variados e diversas situacións comunicativas. Mostrar unha actitude positiva cara o aprendizaxe e a mellora persoal.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Traballos en grupo con exposicións orais sobre distintos temas culturais que requiran dun traballo previo de busca de información usando diferentes soportes dixitais.	TI	50
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndooos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Escoitar o traballo realizado analizando erros e logros para corrixir ou afianzar coñecementos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	SPEAKING	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar, en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, e control, compensación e cooperación básicas.	Expresarse e intercambiar información con outros compañeiros en diferentes situacións comunicativas. Mostrar unha actitude positiva cara o aprendizaxe e a mellora persoal.	TI	100
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores.	Traballos en grupo con exposicións orais sobre distintos temas culturais que requiran dun traballo previo de busca de información usando diferentes soportes dixitais.		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Iniciar e manter diálogos guiados facendo preguntas e aclarando dúbidas durante o proceso.		
CA1.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Exposición de información sobre temas variados.		
CA2.2 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Buscar información en internet sobre diferentes temas culturais e expoñelas utilizando formatos variados e orixinais		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Escoitar o traballo realizado analizando erros e logros para corrixir ou afianzar coñecementos.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns, e propondo con axuda vías de solución a aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Realizar exposicións orais e busca de información partindo do respecto e valorando a diversidade cultural presente.		
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Conversar e analizar diferentes situacións comunicativas.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Manter conversas respetuosas con outros falantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Estratexias de uso común de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	WRITING	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	É capaz de escribir parágrafos coherentes e cohesionados sobre un tema dun asunto vida cotiá.	PE	80
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	É capaz de estruturar un texto tendo en conta a introducción, o corpo e a conclusión.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos, e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Escribir mensaxes utilizando diferentes formatos.		
CA3.3 - Aplicar estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Escribir mensaxes en diferentes formatos e a diferentes destinatarios tendo en conta a situación comunicativa		
CA2.3 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar ou seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Anlizar os erros propios e alleos con capacidade crítica.	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero, a función textual e a estrutura.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.</li> <li>- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).</li> <li>- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersonal e internacional, como fonte de información, e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.</li> <li>- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos de uso común relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e as relacións interpersoais; convencións sociais de uso común; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, normas, actitudes, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	USE OF ENGLISH	43

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Utiliza os seus coñecementos para comunicarse eficazmente en lingua inglesa.	PE	60
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais, os aspectos socioculturais e a tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades da interlocutora ou do interlocutor potencial a quen vai dirixido o texto.	Escrebe con corrección gramatical e expresase de forma axeitada tendo en contra a situación comunicativa.		
CA2.1 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Utiliza a súa lingua materna para comparar e mellorar no proceso de aprendizaxe.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente en relación cos dereitos humanos e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e os valores democráticos.	Mostra aprecio , interese e respecto pola cultura dos países de fala inglesa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións, consellos e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciado sucesos futuros; expresar a opinión, a posibilidade, a capacidade, a obrigaón e a prohibición; expresar argumentacións sinxelas; realizar hipótese e suposicións; expresar a incerteza e a dúbida; reformular e resumir.</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas habituais.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e a comunicación, sistema escolar e formación.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.</li> <li>- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Partirase dos seus primeiros coñecementos previos e se perseguirá a aprendizaxe a nivel de competencias, o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito. Os alumnos non só terán que adquirir uns coñecementos, senón que deberán ser capaces de acceder a eles e aplicarlos nos diferentes contextos da súa vida e contextualizalos. Haberá diferentes actividades que contribúen ó desenvolvemento das competencias clave.

Incluiranse situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo que captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Como os alumnos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes haberá flexibilidade de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Apoiarase a aqueles alumnos que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda ós obxectivos que se programaron, así como os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, perdan a motivación e o interese pola lingua estranxeira. Para emendar estas posibles situacións inclúense actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.

Considerarase o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro acontece como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Os erros prodúcense cando o alumno anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfíre regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Estes erros corríxiranse ó finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo.

Tomaremos en conta que a aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos polo que se ofrecerán actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do alumno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que o rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.

Enténdese que a aprendizaxe é permanente e que non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta) pois con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirille para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, a estes efectos, paradigmática). Por iso, as competencias clave poden alcanzarse se non en todas, si na maioría das materias curriculares, e tamén por iso en todas estas materias poderá utilizar e aplicar as devanditas competencias, independentemente de en cais as puidese adquirir (transversalidade). Ser competente debe ser garantía de ter alcanzado determinadas aprendizaxes, pero tamén permitirá alcanzar outras, tanto na propia institución escolar como fóra dela, garantía da súa aprendizaxe permanente (ou, neste caso, capaz de comunicarse en situacións moi diversas, algunhas das cais o propio alumno nin sequera pode considerar aínda que terá que facelo).

En todas as unidades traballarase as catro destrezas comunicativas: comprensión e expresión oral, comprensión e expresión escrita.

En cada unidade presentaremos un tema e o vocabulario que imos traballar. Tamén anticiparemos un breve cadro de gramática que facilite a explicación e práctica dos contidos e favorecerá a reflexión do alumnado sobre a lingua.

Utilizaremos o esquema pedagóxico: presentación, práctica focalizada en coñecementos lingüísticos, práctica comunicativa e consolidación (feedback, proxectos, etc) dentro dun enfoque baseado en tarefas, utilizando as ferramentas necesarias para atender a diversidade de ritmos de aprendizaxe (axuda visual, axuda multimedia, TIC, etc).

Os exercicios xirarán en torno a ese tema e estarán adaptados ao nivel dos alumnos. Utilizaremos actividades de reforzo e extensión para os underachievers e os fast-finishers, respectivamente.

Os alumnos lerán contos e historias sinxelas, segundo o nivel para os diferentes cursos da ESO.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador con conexión a internet
Diccionario
Libro de texto

Ordenador con conexión a internet e webcam para a elaboración de traballos e a realización de videochamadas con alumnado doutros países de fala inglesa.  
 Dicionarios (tanto online coma en papel)  
 Libro de texto (dixital e en papel)

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para obter información sobre os coñecementos do alumnado como grupo e individualmente levarase a cabo unha avaliación inicial no primeiro mes do curso.

Esta avaliación proporcionará unha visión xeral da clase e en particular de cada alumno. Tamén servirá para que os propios alumnos sexan conscientes das súas necesidades.

Esta avaliación realizarase a través da observación na aula na realización de tarefas e tamén a través dunha proba escrita a partir dos estándares de aprendizaxe do curso anterior con preguntas de tipo test, audición e redacción curta.

Segundo os resultados obtidos realizaranse a s seguintes medidas:

1. Reaxuste ou non da secuenciación de contidos con repaso inicial para todo o grupo.
2. Tarefas específicas de repaso para algúns alumnos.

En tódolos niveis, atendendo aos resultados, nos días posteriores á proba de avaliación inicial farase un repaso xeral facendo fincapé nas deficiencias atopadas maioritariamente. Por outra banda, as carencias que poidan ser de tipo individual trataranse mediante a realización de tarefas específicas de repaso e farase un seguimento da evolución do alumno para que poida seguir o ritmo do grupo o antes posible.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>19</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>19</b>	<b>34</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	50	0	80	60	<b>56</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	50	100	20	40	<b>44</b>

### Criterios de cualificación:

Ao longo do curso se avaliarán as competencias lingüísticas e de aprendizaxe dos alumnos.

Ademais de adquirir a competencia en comunicación lingüística, tamén levan á adquisición da competencia conciencia e expresións culturais, a competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a través dos textos e dos temas elixidos, a competencia dixital, mediante as actividades de Internet e os materiais dixitais, as competencias sociais e cívicas a partir das interaccións e as dinámicas da clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor desenvólvese ao longo de todo o proceso da aprendizaxe do idioma á través das actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que o alumno toma decisións sobre que dicir e como facelo, e con que medios.

O obxectivo primordial é facilitar o proceso de aprendizaxe e servir de ponte para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utiliza a xuventude nativa da súa mesma idade.

A avaliación será:

- Continua, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo
- Formativa, polo que será un instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de

aprendizaxe.

· Integradora, debendo terse en conta desde todas e cada unha das materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de maneira diferenciada a avaliación da materia de inglés, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis específicos da mesma.

Ao longo do curso, ao final de cada unidade, os alumnos/as farán un control de coñecementos básicos da lingua co fin de comprobar que a comprensión e adquisición de contidos é a adecuada. Estes controis farán media có exame final de coñecementos da lingua. Polo tanto a media ao final da avaliación de coñecementos da lingua obterase da seguinte forma: A totalidade dos controis ao longo do trimestre contarán un 30% a partes iguais e o exame final de avaliación 70%.

Valores asignados aos distintos instrumentos de avaliación en cada trimestre:

1ª e 3ª AVALIACIÓN:

- 20% tarefas de aula e feitas na casa.
- 30% Coñecementos da lingua.
- 40% Comprensión e produción escrita e oral.
- 10% Producción oral.

2ª AVALIACIÓN:

- 20% tarefas de aula e feitas na casa.
- 25% Coñecementos da lingua.
- 30% Comprensión e produción escrita e oral.
- 15% Lectura complementaria
- 10% Producción oral.

No 2º trimestre o alumnado terá que facer a proba da lectura complementaria e acadar polo menos un 25% nesa proba para poder facer media co resto das partes da materia. No caso de non facer esta proba ou de non alcanzar o mínimo esixible o alumno/a non superará a materia de inglés na 2ª avaliación.

Con respecto ás tarefas de aula e tarefas feitas previamente na casa os traballos de maior complexidade e extensión ¿ redaccións, presentacións e proxectos ¿ terán maior peso na súa valoración. Se o alumno non realiza algún destes traballos reducirase considerablemente a puntuación deste apartado en función do número deste tipo de traballos encomendado.

A non realización dalgunha do resto de tarefas (exercicios de tipo gramatical, léxico, reading, writing feitos na casa e na aula, onde tamén se incluírán exercicios de comprensión e expresión oral) tamén reduciría a puntuación deste apartado, aínda que en menor medida.

Os procedementos e instrumentos de avaliación empregados serán a observación sistemática, intercambios orais cos alumnos, análise das producións dos alumnos, participación e seguimento pola AV e o diario de clase.

Na 2ª e 3ª avaliación non só descontaría puntuación a non realización dos traballos, se non que tamén o faría a mala calidade dos mesmos, sen existir progreso algún nos coñecementos e ferramentas a usar do alumno.

As cualificacións obtidas en cada trimestre redondearanse, de ser o caso, de xeito que o decimal asimilarse o enteiro superior se o seu valor é de 0.5 ou superior, e ó anterior nos casos restantes. Así, a unha cualificación trimestral de 4.50, corresponderalle 5 na cualificación de avaliación, e a unha cualificación trimestral de 4.49, corresponderalle unha cualificación na avaliación de 4.

Cualificación final avaliación ordinaria

Para obter a cualificación final, realizarase a seguinte ponderación entre as cualificacións obtidas en cada trimestre:

- 1ª avaliación: 20%
- 2ª avaliación: 20%
- 3ª avaliación: 55%
- Avaliación ordinaria: 5%.

A 3ª avaliación será a de máis valor por tratarse dunha materia de avaliación continua, que inclúe todos os contidos do curso.

Ademais, no período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño, o alumnado que ten as tres primeiras avaliacións superadas elaborará un traballo que ponderará un 5% sobre a nota final.

Nese mesmo período, o alumnado cunha media inferior ao 4.5 nas tres primeiras avaliacións, realizarán actividades de reforzo e un exame final de recuperación que incluírá Reading, Writing, Grammar and Vocabulary. No caso de aprobar este exame superarán a materia en xuño. No caso contrario quedarán coa materia pendente para o curso que vén.

En cada proba constarán os criterios de corrección.

### Criterios de recuperación:

A avaliación da materia de lingua inglesa é continua. Isto quere dicir que a última avaliación é a de maior peso na media final. O alumnado que suspenda algunha avaliación recibirá tanto un reforzo dentro da aula coma actividades personalizadas para traballar de xeito autónomo na casa e así superar as súas dificultades e subir a nota superando esa avaliación suspenda.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento ten deseñado un plan de atención aos alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior para facilitarlle a recuperación dos contidos mínimos.

O profesor aportarlles actividades que se corresponderán cos contidos mínimos do curso anterior de modo progresivo. Estas actividades serán recollidas nas datas que se indique. En caso de actividade lectiva semi presencial ou non presencial estas actividades entregaranse por medio da AV. O profesor corraxiraas e fará as indicacións necesarias para subsanar as deficiencias observadas en cada alumno, quen poderá expresar as súas dúbidas, que lle serán resolvidas polo profesor. En cada trimestre o alumno/a terá unha nota dacordo co traballo de clase e co resultado obtido das actividades de reforzo proporcionadas pola profesora.

Haberá , aparte da convocatoria de xuño, unha proba formal e global en maio para a recuperación de todos os contidos pendentes. Non será necesario presentarse á esta proba de recuperación en maio sempre e cando o/a alumno/a aprobara as dúas primeiras avaliacións do curso actual. Tampouco terán que presentarse á convocatoria extraordinaria de pendentes de xuño se aprobaron toda a materia do curso na convocatoria ordinaria en xuño.

De non aprobar a materia do curso actual na 1ª e 2ª avaliación a alumna terá que facer una proba en maio. A cualificación final obterase da seguinte maneira:

CUALIFICACIÓN FINAL:

Tarefas realizadas 20%

Traballo e actitude no curso no que se atopa 10%

Probas formais 70%

No caso de non realizar as tarefas propostas a alumna terá que facer un exame final en xuño que contará o 100% da nota final.

### 6. Medidas de atención á diversidade

O material didáctico conta con seccións de actividades para varios ritmos de aprendizaxe. O profesor, logo da observación do rendemento e coñecementos de cada alumno asignará a ampliación ou fixación de coñecementos, segundo sexa o caso. Ademais, valorarase xunto co Departamento de Orientación se é necesario facer unha ACS ou un reforzo específico para o alumno na aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - · A educación moral e cívica.	X		X		
ET.2 - · A educación para a igualdade de xénero.			X		
ET.3 - · A educación para a non discriminación.		X	X		



	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.4 - · O traballo en parellas, en equipo ou cooperativo na aula.			X	X	
ET.5 - · A educación para a saúde.	X				
ET.6 - · A educación para a convivencia	X			X	
ET.7 - · A educación medioambiental	X	X			
ET.8 - · A educación para o consumo responsable.	X				

**Observacións:**

Como é de esperar, na materia da lingua inglesa se traballan principalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita en tódalas unidades; pero tamén se traballan a comunicación audiovisual e as TIC co uso de videos, slideshows e presentacións.

O emprendemento tamén se traballa xa que axuda ós alumnos a ter confianza en sí mesmos, a tomar a iniciativa para realizar diferentes actividades e a poñelas en práctica na vida real, a través, por exemplo, de traballos por parellas ou en grupos reducidos.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición
Eduexchanges	Intercambio en liña co instituto Upton High School. (2º e 3º ESO)
Digital Week	Semana de inmersión lingüística no Albergue Xuvenil de Gandarío (4º ESO)
Inglés 4 elements.	Actividade de inmersión lingüística no bosque

**Observacións:**

O departamento de inglés inscribiuse no programa EduExchanges para facer diferentes actividades ao longo do curso cun centro de Reino Unido. Este intercambio realizarase co grupo de 2º e 3º ESO que constan de 22 alumnos/as.

Se a situación sanitaria o permite, o alumnado fará unha actividade de inmersión lingüística nun bosque de Muxía. Trátase de pasar un día facendo diferentes actividades ao aire libre co contido completamente en inglés.

**8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

Indicadores de logro
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado

2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede)
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. (se procede)
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
11. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
12. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
13. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
14. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
15. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. (se procede)
16. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
17. Combínase o traballo individual e en grupo.
18. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
19. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
20. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.
21. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
22. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
23. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
24. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
25. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. (se procede)

### Descrición:

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e da propia práctica docente é imprescindible. Será global, formativa e continua para poder adoptar medidas de reforzo educativo. Para iso é necesario facer unha autoavaliación crítica da programación e das unidades para melloralas e contrastar experiencias.

Para realizar esta avaliación utilizaremos, como mínimo unha vez cada trimestre, as seguintes escalas de observación, examinaremos os resultados como departamento e tomaremos as medidas oportunas.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica se revisará periodicamente utilizando a escala de observación que aparece a continuación, se analizarán os seus resultados en reunións de departamento e se tomarán as medidas oportunas para a súa mellora.

### ESCALA DE OBSERVACIÓN

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
5. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
6. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
7. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
8. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
9. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
11. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.
13. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. (se procede)
14. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
15. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
16. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
17. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados